



## AVISO IMPORTANTE Á TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA - Protocolo COVID -

Segundo o apartado 2.A.3. do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 21-22, v. 05-10-2021, establece:

*Os **conviventes dunha persoa con síntomas compatibles** coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, **evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado**. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV- 2 (Covid19) no ámbito educativo non universitario de Galicia e absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso. O alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos (excepto que a Central de Seguimento de Contactos lles indique o contrario). **Tendo en conta isto, as persoas conviventes do caso positivo que estean vacinadas coa pauta completa ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención.** Pola contra, **os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán absterse de asistir ao centro educativo e esperar as indicacións da Central de Seguimento de Contactos en corentena.**"*

### ALUMNADO E PERSOAL DO CENTRO:

Tedes a vosa disposición o número de teléfono **644 473 074** para notificar o voso caso. Esta liña é exclusiva para comunicar este tipo de incidencias e estará operativa os 7 días da semana. Se por casualidade non sodes atendidos nese número, prégase que enviades un whatsapp ou SMS comunicando o caso e indicando o voso nome completo e o curso.

O persoal docente e non docente seguirán o proceso habitual de comunicación de ausencias. Poderán remitilo ao correo do centro.